



*Ven bailar Carmiña  
e mais trae o neno  
i anque non é meu  
axudeiche a facelo.*

VI 1285

Toca o pandeiro Farruco  
i a muller que non ten home  
fríanlle as tortas ó cuco

*Ven bailar Carmiña  
e mais trae o neno  
i anque non é meu  
axudeiche a facelo.*

VI 206

Vai tirando de chaqueta  
tamén eu vou a tirar-e  
coa miña pandereta.

*Ven bailar Carmiña  
e mais trae o neno  
i anque non é meu  
axudeiche a facelo.*

VI 112b

Dame unha pinga de viño  
para mollala garganta,  
cantarei como unha rula  
verás como a rula canta.

*Ven bailar Carmiña  
e mais trae o neno  
i anque non é meu  
axudeiche a facelo.*